REUNIÓN DA COMISIÓN 7.ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Día: 29.09.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 29 de setembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

1.1 12088 (10/POC-002139)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre a retirada do helicóptero contraincendios da base de Vilanova, no Barco de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 149, do 20.07.2017

1.2 12822 (10/POC-002184)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre a creación formal e a fixación da data da reunión pola Consellería do Medio Rural da Comisión de Seguimento da Couza Guatemalteca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017

1.3 13062 (10/POC-002255)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre as medidas da Xunta de Galicia en relación co impulso da producción ecolóxica agrogandeira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

1.4 13063 (10/POC-002256)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre a situación actual en Galicia en relación coas diferentes enfermedades animais que afectan o gando bovino, ovino e cabrún
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

1.5 14360 (10/POC-002655)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación coa documentación referida aos montes veciñais en man común existente nas diversas dependencias da Administración pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

PARLAMENTO
DE GALICIA

1.6 14463 (10/POC-002688)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dun programa de axudas para paliar os danos ocasionados polo xabaril nos distintos cultivos do agro galego, así como o número de expedientes ou denuncias rexistrados por ese motivo desde o 10 de outubro de 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

1.7 15849 (10/POC-002840)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns da perda da capacidade real de carga de auga, da non adaptación aos lumes de nova xeración e da non coordinación dos medios aéreos do operativo de loita contra os incendios forestais por un técnico da Xunta de Galicia, así como da demora na existencia de t"illdozers" de retén na provincia de Ourense e as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017

1.8 15884 (10/POC-002843)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a data prevista pola Consellería do Medio Rural para realizar unha xuntanza cos produtores de gando extensivo, castaña e cereal, así como dos apicultores afectados polas xeadas e a seca, a porcentaxe deles que se van beneficiar das axudas destinadas a sufragar os custos derivados da contratación de créditos e as razóns existentes na actualidade para non conceder axudas directas aos afectados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 7.ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 29.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 29.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 12088(10/POC-002139)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a retirada do helicóptero contraincendios da base de Vilanova, no Barco de Valdeorras

Publicación da iniciativa, 149, 20.07.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2017 12:51
Nº Rexistro: 12088
Data envio: 11/07/2017 12:51:29.880

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á Mesa do Parlamento

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª.

A Consellería de Medio Rural retirou o helicóptero contra incendios que operaba na base de Vilanova, no Barco de Valdeorras. Esta decisión deixa ao descuberto e en perigo a un Distrito coma o XIII, cunha das orografías máis complexas de todo o país.

Neste Distrito atópanse lugares cunha importancia ecolóxica e forestal moi elevada. Atópanse, por exemplo, o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, o Teixedal de Casaio, ou enclaves como o Macizo Central Ourensán.

Trátase dunha comarca que ten case todo o seu territorio incluído entre as zonas de alto risco de incendio forestal (ZAR), segundo a clasificación da Consellería do Medio Rural.

Non entendemos como, despois de investir milleiros de euros nela, unha base contraincendios nunha zona destas características permaneza pechada a día de hoxe e cuxa utilidade no futuro parece que vai ser unicamente a de servir de repostaxe para helicópteros doutras bases.

Por todo o anterior exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión:

1. Que causas xustifican a retirada do helicóptero da base de Vilanova, no Barco

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2017 12:51
Nº Rexistro: 12088
Data envio: 11/07/2017 12:51:29.880

GRUPO PARLAMENTAR en marea

de Valdeorras?

2. De tratarse dunha decisión temporal, cando se prevé que volva estar operativo?

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/07/2017 12:37:30

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2017 12:38:04

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 29.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 12822(10/POC-002184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a creación formal e a fixación da data da reunión pola Consellería do Medio Rural da Comisión de Seguimento da Couza Guatemalteca

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 11:25
Nº Rexistro: 12822
Data envio: 18/07/2017 11:25:42.289

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

O luns 6 de febreiro publicábase no DOG a listaxe dos 31 concellos afectados pola couza guatemalteca (Tecia solanivora) , 13 na provincia da Coruña e 18 na provincia de Lugo.

O martes 2 de maio comezaba a "campaña de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (Tecia solanivora)", a cal empezou en dous concellos coruñeses e dous lucenses.

O mércores 24 de maio, cando aínda se estaba a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anunciaba que dá por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados na provincia da Coruña.

Na Comisión 7,ª aprobouse crear una Comisión de seguimento da couza guatemalteca e dende ese momento non tivemos novas da súa creación a pesar de que continuamente están aparecendo novas nos medios de comunicación que fan pensar en distintas disfuncións ao longo do proceso.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Consellería de Medio Rural creada formalmente a Comisión de seguimento da couza guatemalteca?

2. Ten algunha data fixada a Consellería de Medio Rural para a reunión da Comisión de seguimento da couza guatemalteca?

Pazo do Parlamento, 17 de xullo de 2017

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 11:25
Nº Rexistro: 12822
Data envio: 18/07/2017 11:25:42.289

Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/07/2017 11:23:23

José Antonio Quiroga Díaz na data 18/07/2017 11:23:30

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 29.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 13062(10/POC-002255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre as medidas da Xunta de Galicia en relación co impulso da producción ecolóxica agrogandeira

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13062
Data envio: 24/07/2017 14:06:38.024

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz e **Daniel Vega Pérez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Un dos obxectivos fundamentais no Goberno Galego e a posta en valor do rural, apoiando iniciativas empresariais que xeren produtos con alto valor engadido. Neste eido, a agricultura ecolóxica pode ter un papel moi importante, dado o crecemento que se está a producir neste tipo de produtos e o alto poder adquisitivo dos seus consumidores.

O Grupo Parlamentario Popular está convencido de que a produción ecolóxica axuda a desenvolver a potencialidade do campo galego, dotándoo de futuro a través do respecto ao medio ambiente, ao benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo.

Dentro da diversidade de explotacións agro gandeiras que se poden acoller a produción ecolóxica, cobra especial importancia as de ganado vacún, dado que o selo de ecolóxico permite acadar moito mellor prezo na venta da leite e da carne.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son as medidas que está a impulsar a Xunta de Galicia para impulsar a produción ecolóxica agrogandeira?

2. Cales son os efectos das medidas adoptadas?

3. Cal é a estratexia que pensa seguir a Xunta de cara a potenciar a agricultura ecolóxica?

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 24/07/2017 13:56:10

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13062
Data envio: 24/07/2017 14:06:38.024

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Raquel Arias Rodríguez na data 24/07/2017 13:56:24

Silvestre Balseiros Guinarte na data 24/07/2017 13:56:32

Moisés Blanco Paradelo na data 24/07/2017 13:56:39

Carlos Gómez Salgado na data 24/07/2017 13:57:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/07/2017 13:57:18

Daniel Vega Pérez na data 24/07/2017 13:57:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 29.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 13063(10/POC-002256)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre a situación actual en Galicia en relación coas diferentes enfermedades animais que afectan o gando bovino, ovino e cabrún

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13063
Data envio: 24/07/2017 14:06:53.899

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Encarna Amigo Díaz e **Daniel Vega Pérez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Dende o Grupo Parlamentario Popular de Galicia interesámonos pola situación de varias enfermidades animais contaxiosas e persistentes que se comezaron a combater en España na década dos oitenta, cando se puxeron en marcha os programas oficiais de erradicación da tuberculose, a brucelose, a leucose e a perineumonía no gando bovino, e a brucelose no gando ovino e cabrún.

Naqueles anos, Galicia tiña unhas altas prevalencias destas enfermidades, supoñendo unha importante traba para o desenvolvemento da gandería galega. Por exemplo, en relación á tuberculose, no ano 1990 a prevalencia desta enfermidade era superior o 16% . Hoxe en día, tralos esforzos de gandeiros e veterinarios durante máis de vinte cinco anos, a nosa comunidade ten o índice máis baixo da España co 0,08 %.

De proseguir a dita tendencia poderíamos estar a falar de que no 2020 Galicia fora declarada coma un territorio libre ou oficialmente indemne destas enfermidades.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Cal é a situación actual en Galicia en relación ás diferentes enfermidades animais que afectan ao gando bovino e ovino e cabrún, e que son obxecto de programa de erradicación obrigatorio?

2.- Que traballo se fixo dende a Xunta de Galicia para alcanzar estes resultados tan positivos?

3.- Na actualidade, ¿que casos se están a detectar e cales son os motivos de que aparezan?

4.- En que grao a entrada de animais foráneos está a ser un acompañante negativo no combate da enfermidade?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13063
Data envio: 24/07/2017 14:06:53.899

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

5.- Cree o Goberno da Xunta de Galicia que poderemos falar de que o noso territorio sexa declarado libre ou oficialmente indemne destas enfermidades no ano 2020?

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 24/07/2017 13:58:27

Moisés Blanco Paradelo na data 24/07/2017 13:58:36

Carlos Gómez Salgado na data 24/07/2017 13:58:43

Raquel Arias Rodríguez na data 24/07/2017 13:59:02

Silvestre Balseiros Guinarte na data 24/07/2017 13:59:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/07/2017 13:59:19

Daniel Vega Pérez na data 24/07/2017 13:59:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 29.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 14360(10/POC-002655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación coa documentación referida aos montes veciñais en man común existente nas diversas dependencias da Administración pública

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:12
Nº Rexistro: 14360
Data envio: 21/08/2017 10:12:02.371

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

En Galicia existe unha abondosa documentación referente ós montes veciñais en man común, sobre de todo, dende as sinaturas dos consorcios entre o ICONA e os concellos e deputacións. Mais esta documentación anda ciscada en diversas dependencias da Administración Pública Galega, co conseguinte perigo de se estragar ou mesmo de se perder.

Reunir esta documentación, restaurala nos casos necesarios e concentrala nalgún lugar, sería moi interesante para as comunidades de montes, para os estudosos/as do monte veciñal, e para a sociedade galega no seu conxunto xa que do que estamos a falar no fondo é de conservar documentos históricos pertencentes a tódolos galegos e galegas.

Por estes motivos expostos formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Sabe a Consellería de Medio Rural da existencia de abondosa documentación sobre os montes veciñais en man común ciscada en diversas dependencias da Administración pública?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:12
Nº Rexistro: 14360
Data envio: 21/08/2017 10:12:02.371

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que pensa facer con ela?

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2017 10:11:29

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2017 10:11:34

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2017 10:11:38

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2017 10:11:39

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2017 10:11:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2017 10:12
Nº Rexistro: 14360
Data envio: 21/08/2017 10:12:02.371

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2017 10:11:42

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 29.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 14463(10/POC-002688)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dun programa de axudas para paliar os danos ocasionados polo xabaril nos distintos cultivos do agro galego, así como o número de expedientes ou denuncias rexistrados por ese motivo desde o 10 de outubro de 2016

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14463
Data envío: 22/08/2017 14:09:56.399

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos Socialistas de Galicia

O xabaril (*sus scofra)* leva moito tempo entre nós como testemuñan documentos históricos, esculturas e outros elementos da nosa cultura material e inmaterial.

Este mamífero que ten unha gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, encontrou no abandono das terras e do medio rural en xeral coa conseguinte proliferación de mato e bosque o escenario perfecto para a súa reprodución con tendencia ao crecemento exponencial axudado pola pouca incidencia do único depredador natural, o lobo.

En paralelo ao abandono do rural e decaemento da actividade agropecuaria a poboación desta especie foi medrando e entrando en conflito coa actividade agrogandeira e a circulación viaria.

Os danos xerados en praderías e cultivos como a pataca, millo e cereais en xeral aos que nos derradeiros anos se lle engadiron as desfeitas no viñedo son constantes, e pódese seguir o rastro da súa incidencia a través dos medios de comunicación que a cotío reflicten o impacto negativo que están a ter nos diversos cultivos dos nosos agricultores e gandeiros. Nas derradeiras semanas os cultivos de millo, tan necesarios para as castigadas explotacións gandeiras, están sendo o branco preferido para as manadas destes animais que comen unha parte e danan de xeito irreversible outra dos campos de cultivo.

Ata 2011 chegaron as axudas que anualmente se repartían para contribuír a paliar os danos ocasionados polo xabaril. Logo en 2016 (ano de eleccións autonómicas) volvéronse a abrir, pero para esta campaña de 2017 os labregos e gandeiros seguen sen saber se van ter acceso a tales axudas, cando os danos están a resultar maiores que na derradeira campaña, e a pesar que os servizos de medioambiente seguen a recoller as reclamacións dos agricultores e gandeiros afectados.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14463
Data envio: 22/08/2017 14:09:56.399

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Hai que subliñar que non houbo diminución de exemplares, nin redución de denuncias polos danos causados, e parécenos incomprensible que polo feito de non haber eleccións non saían as axudas.

No DOG do 17/08/2017 aparecen axudas para distintos medios que en teoría poden evitar a entrada dos xabarís ás fincas e parécenos ben, pero ata o día de hoxe nada se sabe de axudas para paliar os graves danos que ocasiona o xabaril.

Por todo isto os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego poñer en marcha un programa de axudas para paliar os danos causados polo xabaril nos distintos cultivos do agro galego?

2ª) Cantos expedientes/denuncias están rexistrados por danos de xabaril desde o 10-10-2016?

Pazo do Parlamento, 22 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 22/08/2017 14:04:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/08/2017 14:04:17

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 29.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 15849(10/POC-002840)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns da perda da capacidade real de carga de auga, da non adaptación aos lumes de nova xeración e da non coordinación dos medios aéreos do operativo de loita contra os incendios forestais por un técnico da Xunta de Galicia, así como da demora na existencia de t"illdozers" de retén na provincia de Ourense e as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, 177, 19.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15849
Data envio: 08/09/2017 12:27:02.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz,**Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Continúa na mente de todos/as nós o inferno de Leiría como mostra de que en cuestión de lumes forestais nunca está todo dito. É este lume unha pavorosa mostra diso que se chaman lumes de nova xeración.

Os incendios que viña habendo en Galicia tiñan unha velocidade media de propagación duns 10m./minuto, é dicir, nunha hora avanzaban, máis menos, 600metros. Un medio de extinción normal tanto helicóptero como terrestre é capaz de conter e domear este incendio nun período de tempo razonable.

O lume de Leiría avanzaba 55m./minuto, e isto é serio, nunha hora 3,5Km. en todas direccións. Lume convectivo. Non hai medio que sexa quen de atallalo.

As condicións climáticas teñen unha incidencia cada vez máis importante. Diminución da humidade relativa durante máis tempo ó ano, menor humidade do combustible e polo tanto máis combustible exposto ó quentamento.

Co abandono do rural non se cultiva arredor dos núcleos de poboación por tanto as franxas de protección naturais desaparecen.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15849
Data envio: 08/09/2017 12:27:02.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A potencia dos medios de extinción aéreos diminuíu porque os helicópteros teñen cada vez menos carga de auga. De 1.500litros que levaban nos anos 90 a 1.200 ou 1.000 litros que levan agora.

Nos anos 90 co PP e co Bipartito contratábanse helicópteros de alta potencia ascensional SOKOL, que levaban 1.500 litros de auga.

Os incendios de nova xeración vense agravados cando o vento nordés persistente impide que os helicópteros lixeiros poidan actuaren con normalidade. É aquí onde se botan en falta os de gran potencia ascensional, que son sensiblemente máis caros, pero tamén moito máis eficaces.

Curiosamente os pregos de condicións actualmente limitan a carga de auga a 1.200 litros porque as empresas que se presentan non dispoñen de Sokol ou similares, é dicir os pregos de condicións adáptanse ás empresas.

Había lumes de terceira xeración ata os anos noventa. Os lumes de cuarta xeración, os chamados **interface**, xeran dúas emerxencias unha multiemerxencia con afectacións tanto a vivendas como a persoas e como por suposto ó medio, podendo enxendrar situacións de atrapamento con risco para as vidas humana.

A dirección dun incendio forestal en terra está nas mans dun funcionario da Xunta de Galicia xa sexa técnico ou axente forestal, pero curiosamente a coordinación dos medios aéreos diríxea persoal da empresa privada, esta condición está expresa no prego de condicións. Só é entendible desde o punto de vista económico da empresa e nunca desde a efectividade na extinción.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15849
Data envio: 08/09/2017 12:27:02.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

-Cal é a razón pola que os medios aéreos do operativo de incendios forestais perderon capacidade real e non están na actualidade adaptados ós incendios de nova xeración?

-Cal é a razón pola que o coordinador de medios aéreos nos incendios forestais é un membro da empresa que os fornece e non un técnico da Xunta de Galicia?

-Por que se tardou tanto en ter tilldozers de retén na provincia de Ourense e se teñen previsto manter este retén en Ourense así coma nas outras tres provincias galegas?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15849
Data envio: 08/09/2017 12:27:02.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 12:26:42

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 12:26:47

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 12:26:48

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 12:26:49

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 12:26:51

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 12:26:52

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 29.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 15884(10/POC-002843)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a data prevista pola Consellería do Medio Rural para realizar unha xuntanza cos produtores de gando extensivo, castaña e cereal, así como dos apicultores afectados polas xeadas e a seca, a porcentaxe deles que se van beneficiar das axudas destinadas a sufragar os custos derivados da contratación de créditos e as razóns existentes na actualidade para non conceder axudas directas aos afectados

Publicación da iniciativa, 177, 19.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15884
Data envio: 08/09/2017 14:58:00.053

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e **Paula Quinteiro Araújo** deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª**, sobre a desatención, por parte da Xunta, aos produtores de gando extensivo, castaña, apicultura e cereal afectados pola seca e as xeadas.

O pasado día 7 o Goberno galego aprobou unha liña de axudas dotada de 1,5 millóns de euros para sufragar os custes derivados da contratación de créditos por agricultores afectados polos danos nos seus cultivos ocasionados por diversos fenómenos meteorolóxicos.

A Xunta impuxo como condición que a contía mínima dos créditos, que deben subscribir por explotación, é de 3.000 euros, para cubrir necesidades de circulante ou para refinanciar a débeda.

Este anuncio non soluciona a problemática á que se enfrontan estes agricultores, polo que estes xoves, preto de 200 agricultores da comarca de Viana e A Agudiña se manifestaban nunha tractorada de protesta, para pedir medidas ao respecto, como axudas directas (non créditos para financiar os intereses) para paliar a perda de produción e denunciar a falta de solucións por parte da Consellería de Medio Rural.

Desde En Marea observase con preocupación como os produtores e produtoras de gando extensivo, castaña, apicultores e apicultoras, etc. están sufrindo graves perdas de produción polas xeadas e a seca, ademais de ter que alimentar ao gando coas reservas para o inverno, non ter mel, que os castaños estean secos... con todo o que elo supón). A falta de choiva e de auga xa fixo que se activara a alerta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15884
Data envio: 08/09/2017 14:58:00.053

por pre-seca fai moitos meses, e sen embargo, desde a Consellería de Medio Rural non se tomou ningunha medida ao respecto en previsión de que a situación podía complicarse.

Na "lexislatura do rural", moitos mozos e mozas emprendedores fixeron grandes inversións, e agora vense abandonados/as: o seu medio de vida está morrendo e non se lles escoita nin se lle propoñen solucións.

A montaña do oriente ourensán tamén é Galiza, por iso, non son poucos os agricultores que reclaman que a Conselleira de Medio Rural vaia coñecer a zona onde viven, onde traballan, etc. para ver o problema en primeira persoa.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. Cando se vai reunir a Conselleira de Medio Rural cos/as afectados/as para escoitar as súas problemáticas?

2. A que porcentaxe de afectados/as beneficiarán os créditos para financiar os intereses?

3. Noutras ocasións, ante situacións así se deron axudas directas aos afectados, por que agora non?

Santiago de Compostela, a 8 de setembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15884
Data envio: 08/09/2017 14:58:00.053

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 08/09/2017 14:55:03

Paula Quinteiro Araújo na data 08/09/2017 14:55:20